



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO 2019

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Rodríguez Vázquez, Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG Núm. 102 de 30/05/2018) con NIF Q1500322A e domicilio en Pazo de Quián s/n Sergude 15881 Boqueixón, que actúa por delegación do Presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013.

E doutra parte D. César Manuel Fernández Gil, alcalde do concello de Ribadavia, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia entre as que se inclúen a Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

Cada un intervéñen en función dos seus cargo en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Que o concello de Ribadavia, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Viño do Ribeiro 2019.





Segundo. Que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos ten como obxectivo impulsar e fomentar a colaboración entre os distintos consellos reguladores e outros órganos de xestión das denominacións de calidade do mesmo xeito que establece como finalidade da Axencia ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Terceiro. Que a Axencia ten como funcións en materia de calidade alimentaria, entre outras o promover, fomentar e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.

Cuarto. A Feira do Viño do Ribeiro, festa vitivinícola mais antiga de Galicia, celebra no ano 2019 a súa 56ª edición na localidade de Ribadavia, Ourense. A relevancia desta celebración e o gran número de produtores, lémbrese que este ano a participación acada un total de 38 adegas fai que a súa promoción se encadre dentro do noso obxectivo de promoción y fomento dos produtos agroalimentarios galegos con indicación de calidade, tal e como recolle o Decreto 52/2018, de creación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Quinto. Que nos orzamentos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para o ano 2019 figura a aplicación 14 A2 713D 640.1 (2011 00693) dotada con fondos suficientes para a colaboración.

As partes acordan asinar o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio é regular as condicións de colaboración conxunta entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, e o Concello de Ribadavia para o apoio á organización da edición da LVI Feira do Viño de Ribeiro en Ribadavia.





Segunda. Orzamento e financiamento

Considéranse gastos subvencionables aqueles relacionados coa promoción e difusión da denominación de orixe "Ribeiro", estando entre elas as infraestruturas destinadas a promoción da referida denominación de orixe, publicidade, cartellaría, anuncios nos diferentes medios de comunicación, así como actividades que poñan en valor produtos con denominación de orixe, todo elo con obxecto de promover e protexer a calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

O orzamento estimado para a colaboración por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, para a celebración da Feira do Viño do Ribeiro, ascende a 10.000,00 € que se distribúen do seguinte xeito:

CONCEPTO	IMPORTE
Stand promoción	2.500,00 €
Plan de medios de difusión	7.500,00 €
TOTAL	10.000,00 €





A Agacal procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do Concello e Ribadavia unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira. Compromisos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe total de 10.000 €. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A2.713D.640.1 Mellora da calidade na produción agroalimentaria (proxecto contable 2011 00693) Plan de promoción de produtos agroalimentarios, fondos propios libres dos orzamentos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para o ano 2019.

Esta achega faise para compensar os custos nos que vai incorrer o Concello no desenvolvemento das actuacións previstas e unha vez que o Concello achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

Cuarta. Compromisos do Concello de Ribadavia

O Concello de Ribadavia comprométese a:

- Desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a totalidade dos gastos por importe do orzamento estimado de **10.000 €**.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria colaborará de forma que o resultado beneficie e teña proveito para as dúas partes sen que exista ánimo de lucro para ningunha delas.

Quinta. Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera





Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso os importes das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderán superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Relación contractual

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sétima. Xustificación e pagamento

O Concello de Ribadavia remitirá á Agacal un informe das actuacións realizadas ao abeiro deste convenio, desde o seu comezo ata o momento da xustificación, que deberá ser aprobado previamente ao pagamento.

O informe incluírá os documentos, informes e publicacións elaborados ao abeiro do convenio durante o período obxecto de xustificación. Igualmente achegaranse como medio de xustificación as facturas correspondentes as partidas financiadas destinadas ao financiamento dos custes xustificados que se deriven da realización das actuacións descritas, e que poderán incluír todos aqueles gastos que foran necesarios.

A totalidade da documentación xustificativa deberá remitirse antes de cumprido o prazo de tres meses dende a finalización da LVI Feira do Viño do Ribeiro en Ribadavia (prazo da actividade: dende o 03/05/2019 ata 05/05/2019) e poderá incluír aqueles gastos realizados que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Oitava. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

O incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas.





O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita das partes asinantes.

Novena.- Protección e Seguridade da Información

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais de Garantía dos Dereitos Dixitais.

Décima. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia de Goberno Aberto.

Décimo primeira. Réxime

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e





polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décimo segunda.- Transparencia e Rexistro

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo terceira. Controversias.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, cuxa resolución pon fin a vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do recurso potestativo de reposición.

Décimo cuarta. Vixencia.

O convenio de colaboración entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e rematará o 31 de xullo do 2019.

E, en proba de conformidade, asinan, por triplicado, o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.

Manuel Rodríguez Vázquez

César Manuel Fernández Gil

Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria Alcalde do Concello de Ribadavia

(P.D. DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013)

